

Anxo Araújo estrea 'Canción perfecta' clip de adianto do seu primeiro disco que publicará este 28 de xuño.

- **'Plan de Urbanismo para un novo couto mixto' é o título que dá nome ao primeiro disco en solitario do músico pontevedrés.**
- **'Canción perfecta' estará dispoñible nas plataformas dixitais e na súa canle de youtube dende o este mércores 23 de xuño.**
- **Este novo traballo foi gravado e mesturado por Anxo Araújo no seu estudio Unha Casa Calquera (Poio) e masterizado por Victor Garcia en Ultramarinos (Costa brava / Barcelona). O single de adianto podes escoitalo [AQUÍ](#).**

Anxo Araújo estrea “Canción Perfecta”, o single adianto do seu primeiro traballo de estudio en solitario “Plan de Urbanismo para un novo couto mixto”, que sairá publicado o vindeiro 28 de xuño. “Canción perfecta” é un tema onírico que afonda na busca de novos camiños, un aire fresco cargado de melancolía alegre e optimista. O videoclip está dispoñible dende este 23 de xuño nas plataformas dixitais e na súa canle de youtube.

“Plan de urbanismo para un novo couto mixto” parte dunha necesidade persoal convertida en desafío. O proceso de creación ten lugar durante varios meses do ano 2020 no seu estudio de gravación, obtendo como resultado desa introspección dez fermosas cancións que nos inspiran momentos de cambio, de auto afirmación e de reflexión sobre a relativa importancia das cousas.

Este novo traballo nace no contexto dunha pandemia. Música feliz para tempos de crise, ou en palabras do propio Anxo «Un saír dos buratos máis profundos con confianza e ilusión. Un reforzo da auto estima. Un aprender a bailar deixando marchar a carraxe acumulada. Un mirar cara a cara ao mundo. Unha absoluta liberación.».

O disco foi gravado e mesturado no seu estudio Unha Casa Calquera (Poio) e masterizado por Victor Garcia en Ultramarinos (Costa Brava / Barcelona) e pódese adquirir nalgúns puntos de venda física e en formato digifile ou dixital nos na súa [páxina web](#), na que tamén poderás pasar un momento divertido xogando unha partida ao mítico videoxogo “Pong”!

Anxo Araújo fainos esta interesante achega que se suma ao efervescente e prolífico momento que vive a música e, máis nomeadamente, o pop en galego.

CONTACTO para entrevistas:
Ángela Vila 698132935 | ola@anxoaraujo.com